

**A/A SECCIÓN DE ENERXÍAS RENOVABLES DA DIRECCIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

(Avenida María Victoria Moreno, 43, 4º andar - 36071 – Pontevedra)

**ASUNTO:** Alegacións ao Estudo de Impacto Ambiental (EIA), ás solicitudes de autorización administrativa previa e de construción do proxecto P.E. Coto de Lobos (expediente IN408A 2021/007), localizado nos concellos de As Neves e Salvaterra de Miño (provincia de Pontevedra).

Dona/Don \_\_\_\_\_ con DNI/NIE número \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, municipio de \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_.

**EXPÓN:**

Á vista do Acordo do 27 de setembro de 2024, do Departamento Territorial de Pontevedra, polo que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción relativas ás instalacións do parque eólico Coto de Lobos, localizado nos concellos das Neves e Salvaterra de Miño da provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2021/007); preséntanse as seguintes alegacións:

**1. O vixente Plan Sectorial Eólico de Galicia (PSEG), polo que se rexen os proxectos eólicos, non foi sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica (AAE), polo que incumpe a lexislación ambiental española e europea.**

A norma estatal, Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, considera que a avaliación ambiental é indispensable para asegurar a protección do medio ambiente. A falta de sometemento do PSEG á avaliación ambiental estratéxica implica o incumprimento de normas europeas: Directiva 2011/92/UE, Directiva 2003/35/CE e Directiva 2001/42/CE.

**2. A localización dos aeroxeradores incumpe a distancia mínima de 500 m para as delimitacións de Solo de Núcleo Rural (SNR) de As Neves.**

O P.E. Coto de Lobos réxese por unha lei antiga (nun contexto no que os aeroxeradores non alcanzaban as alturas dos actuais) que establece un mínimo de distancia de 500 metros entre os aeroxeradores e os núcleos de poboación máis próximos. Dous aeroxeradores (CL-05 e CL-07) incumpren esta distancia de protección (medida dende a punta da pa dos aeroxeradores), afectando ás seguintes delimitacións de solo de núcleo rural (SNR) do concello de As Neves:

<b>Delimitación de SNR</b>	<b>Entidades de poboación incluídas na delimitación</b>	<b>Parroquia de As Neves</b>
A Moradella-Rodeiro	A Muradella, Rodeiro	San Xosé de Ribarteme
Rainzas-Cervantes	As Chivanas, Peizás, A Bouza, A Aldea, O Souto, A Xesteira, O Regueiro, As Penlas	Santiago de Ribarteme

**3. Tódolos aeroxeradores incumpren a distancia que establece a Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, na que se sinala que os eólicos deben estar separados das delimitacións de Solo de Núcleo Rural (SNR) nunha relación de altura: (buxa + pa) x5.**

Se temos en conta que a altura total dos aeroxeradores é de 220 m (contando a lonxitude da pa e da buxa), segundo a nova norma, a distancia mínima debería ser de 1.100 m aos núcleos de poboación. Porén, considérase un agravio comparativo posto que estes proxectos se atopan sometidos a trámite e que a súa construción aínda non se iniciou. Así, tódolos aeroxeradores atópanse a unha distancia inferior á nova distancia esixida pola lei, **afectando ás delimitacións de solo de núcleo rural (SNR)** do concello de As Neves recollidos na seguinte táboa. Vense afectados 588 veciños de 56 núcleos de poboación (ano 2023, IGE). Non se prevén afeccións sobre as delimitación de solo de núcleo rural do concello de Salvaterra de Miño.

<b>Delimitación de SNR</b>	<b>Entidades de poboación incluídas</b>	<b>Parroquia de As Neves</b>
A Cernada	A Cernada	San Xosé de Ribarteme
A Moradella-Rodeiro	A Muradella, Rodeiro	San Xosé de Ribarteme
A Extrema	A Extrema, A Portela	San Xosé de Ribarteme
Casal	Casal da Vila, Currás, o Coto	San Xosé de Ribarteme
San Xosé de Ribarteme	O Coto de Lobos, As Pedriñas, Sancharredonda, Babareira, A Cortegosa, Bocas	San Xosé de Ribarteme
Pradenga	Zafal, Os Bouzos, Padrenda, O Regueiriño, A Escravalleira	Santiago de Ribarteme
Rainzas-Cervantes	As Chivanas, Peizás, A Bouza, A Aldea, O Souto, A Xesteira, O Regueiro, As Penlas	Santiago de Ribarteme
San Xoan de Rubios-Poteliña	O Lombo, Campos, A Porteliña, A Filgueira	San Xoán de Rubiós
Castros	O Casteliño, A Costa, O Sobreiro, O Crasto, A Igrexa	San Xoán de Rubiós
Carreiracha	Perdeán, O Toxal, Carreirachán, O Corvo, A Viña do Pazo, O Pazo, O Caneiro, Os Píos, Corneda	Santa María de Taboexa
San Pedro de Batalláns	Barcelo, Ferral, A Capela, A Canliña, San Pedro de Batalláns, O Coto, Guimaráns, A Pousa	San Pedro de Batalláns

**4. Os aeroxeradores do P.E. Coto de Lobos localízanse nunha distancia inferior á distancia de protección daquela poboación que reside en núcleos cuxa entidade non está incluída nas delimitacións de SNR (establecidas polo vixente PXOM de As Neves).**

Os aeroxeradores CL-01, CL-02, CL-04, CL-05 e CL-06 sitúanse nunha distancia inferior aos 1.100 m de distancia mínima de protección ás vivendas situadas en entidades de poboación das parroquias de San Xosé de Ribarteme (O Cotiño, Quinteiro e Rubial) e San Pedro de Batalláns (A Abelleira). A implantación deste P.E. pon en risco a saúde de actualmente 23 veciños (sumando dous residentes máis dada a proximidade - 1.150m- de A Custoura ao CL-01) cuxa vulnerabilidade é máxima ao atoparse desprotexidas polo consideración de exclusividade das delimitacións de SNR como núcleos de poboación.

## **5. O P.E. Coto de Lobos incumpre as Directrices de Paisaxe sobre afloramentos rochosos.**

Os aeroxeradores CL-04, CL-05 e CL-07, a subestación e o vial que dá acceso ao CL-01 incumpren as determinacións das Directrices de Paisaxe de Galicia sobre afloramentos rochosos. O EslA considera que o impacto sobre os afloramentos rochosos será reducido a pesar da afección directa provocada polas cimentacións e plataformas dos aeroxeradores, subestación, viais novos, gabias e taludes.

## **6. A ferramenta de Zonificación ambiental para enerxías renovables do MITERD establece que o P.E. Coto de Lobos proxéctase nunha zona de máxima sensibilidade ambiental.**

Os aeroxeradores CL-06 e CL-07 sitúanse sobre zonas de máxima sensibilidade, onde non se recomenda instalar parques eólicos. Sendo o motivo de exclusión a proximidade a núcleos de poboación e os motivos de ponderación: a afección paisaxística e a conservación de especies ameazadas. O resto de aeroxeradores CL01, CL-02, CL-04 e CL-05 sitúanse sobre unha zona de sensibilidade moderada.

## **7. A instalación do parque eólico repercute negativamente sobre os usos actuais do terreo e provoca limitacións sobre o aproveitamento dos mesmos.**

As instalacións do parque eólico provocarán unha modificación do planeamento urbanístico vixente no concello. As áreas delimitadas polo proxecto pasarán a ser cualificadas coma Solo Rústico de Especial Protección de Infraestruturas. Isto supón unha restrición nos usos destes terreos, o que provoca unha perda de dereitos e un aumento de deberes para as persoas propietarias.

## **8. Os aeroxeradores e infraestruturas asociadas afectarán a diferentes montes veciñais das CMVMC dos concellos de As Neves e Salvaterra de Miño, repercutindo negativamente sobre o aproveitamento dos mesmos.**

Segundo a cartografía facilitada pola Xunta de Galicia as CMVMC afectadas no concello de As Neves son as seguintes. A CMVMC San Pedro de Batalláns veríase afectada polos aeroxeradores CL-01 e CL-02, vieiros e gabias. A CMVMC San Xosé de Ribarteme veríase afectada polo aeroxerador CL-05, CL-04 e CL-06, gabias e vieiros. A CMVMC Rubiós veríase afectada polos aeroxeradores CL-04 e CL-06, así como polas gabias e vieiros. A CMVMC Santiago de Ribarteme afectaríalle o aeroxerador CL-07, gabias e vieiros, así como o tendido eléctrico da liña de evacuación. A CMVMC de Tortoreos veríase afectada pola subestación eléctrica, o pórtico, os apoios 1 e 2 e o propio trazado da liña eléctrica. A CMVMC de Taboxeda veríase afectada pola implantación dun novo vial e gabias que comunican os aeroxeradores CL-01 e CL-02. No concello de Salvaterra de Miño, a CMVMC de Vilacoba veríase afectada pola implantación da plataforma do aeroxerador CL-01.

## **9. Afección sobre puntos de captación de auga.**

O EslA está desactualizado e omite a localización de captacións de abastecemento de auga que serán afectadas polo proxecto. Localizáronse un total de 32 captacións a menos de 500 metros das infraestruturas, destacando a proximidade das mesmas nas inmediacións da zona de implantación da subestación e da liña de alta tensión.

## **10. A instalación do parque repercute negativamente sobre o valor turístico da zona.**

A zona onde se pretende implantar o P.E. forma parte do Xeodestino Condado Paradanta, o cal conta con distintivos SICTED de calidade turística. Debido á natureza das actividades turísticas da zona, centrado no seu valor paisaxístico, existe unha clara incompatibilidade entre esta e a presenza dun parque eólico nas inmediacións. Ademais do impacto visual, produciríase contaminación acústica e molestias.

### **11. Impacto paisaxístico sobre a Área de Especial Interese Paisaxístico Monte San Nomedio, o miradoiro e o observatorio nocturno.**

A presenza de tres aeroxeradores a menos de 500 metros da Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) do Monte San Nomedio, supón un elevado impacto paisaxístico. A importancia desta zona a nivel turístico e paisaxístico ven dado polas súas condicións panorámicas e de observación do ceo nocturno.

### **12. Risco de sinistralidade de helicópteros durante os servizos de extinción de incendios.**

Constátase a presenza dun punto de recollida de auga para a extinción de incendios nas proximidades do aeroxerador CL-07, o cal pode interferir coas operacións de extinción de incendios e supoñer un risco de sinistralidade polas turbulencias xeradas polas pas do aeroxerador.

### **13. Subestímase o impacto no ZEC Baixo Miño (Rede Natura 2000) pola proximidade das obras do aeroxerador CL-07.**

A tan só 90 metros da plataforma do aeroxerador CL-07 encóntrase un dos afluentes do río Termes, que forma parte da ZEC Baixo Miño (Rede Natura 2000). Polo tanto, as obras de instalación do aeroxerador supoñen un risco elevado de contaminación que podería afectar severamente á calidade das augas da zona de especial conservación.

### **14. Impacto sobre especies faunísticas recollidas no *Catalogo Español de Especies Amenazadas***

- Afección sobre o hábitat da poboación do desmán ibérico (*Galemys pyrenaicus*) identificada no río Termes e os seus afluentes.
- Impacto sobre o hábitat da papuxa do mato (*Sylvia undata*), presentes na zona de matogueira.
- Afección sobre a área de distribución potencial do Plan de recuperación do sapoconcho común (*Emys orbicularis*).

### **15. A documentación elaborada pola promotora atópase incompleta e, nalgúns casos, cunha metodoloxía inapropiada.**

- Ausencia de proxección dunha torre meteorolóxica.
- Valoración inadecuada da Alternativa 0 ou de non execución,
- O EslA non recolle as afeccións ao territorio luso como "Sítio de Importância Comunitária" (SIC) Rio Minho (con código PTCO0019).
- Estudo de afección sobre a edafoloxía.
- O EslA presenta unha reportaxe fotográfica incompleta da zona de implantación do proxecto eólico.
- Falta de análise detallada da afección sobre a actividade cinexética.

En virtude de todo o exposto, **SOLICITA:**

A non construción do parque eólico Coto de Lobos (expediente IN408A 2021/007), en base ao rexeitamento do EslA, das solicitudes de autorización administrativa previa e de construción das instalacións do devandito proxecto.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2024.

Asdo. \_\_\_\_\_